



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 26 DE XANEIRO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUADERO CENTRÓN (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:00 horas do día VINTESEIS de XANEIRO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Patricia Hernández Estévez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Secretario Xeral:

Patricia Hernández Estévez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 29 DE DECEMBRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 29 de Decembro de 2005, ao que se lle resposta que non, quedando aprobada por unanimidade.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 2 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 3 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 4 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 9 de xaneiro, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre reclamacións en materia de impostos.

Do 10 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 11 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 12 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de xaneiro, unha, sobre declaración de admitidos no concurso para a contratación dun técnico local de emprego.

Do 18 de xaneiro, unha, sobre Delegación en don José Ignacio Gómez Pérez, para a presidencia de Tribunal Cualificador do procedemento de selección dun técnico local de emprego.

Do 19 de xaneiro, unha, sobre a Resolución do concurso de méritos para cubrir a plaza dun técnico local de emprego.

Do 20 de xaneiro, unha, sobre a Convocatoria a Xunta de Goberno Local.

Do 23 de xaneiro, dúas, unha sobre materia de obras e outra sobre a Convocatoria a Pleno.

3.- INCLUSIÓN DA OBRA “MELLORA DO SANEAMENTO EN NÚCLEOS DE ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS” NO POL 2006.

Polo Presidente dáse paso o Secretario para que proceda a lectura do ditame da Comisión Informativa de Obras Públicas e Infraestruturas, que literalmente di:

De seguido procedese á votación, resultando ditaminado favorablemente, por unanimidade de todos os membros da comisión informativa, o seguinte acordo:

“Solicitar a inclusión no POL 2006 da obra coa denominación MELLORA DE SANEAMENTO EN NÚCLEOS DE ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS”.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, don FRANCISCO XABIER CARREIRA SEBIO, que sinala que co POL 2006 remataríase cos problemas de saneamento, sendo a máis difícil a obra de Esposende. A finais de 2006 ou 2007 a totalidade das augas residuais de todos os núcleos estarán recollidas, e os ríos do Concello atoparanse libres de vertidos. Explica que fallarían pequenas obras como na depuradora, en relación a cal se presentará un informe pola empresa municipal de augas sobre o funcionamento da mesma nos últimos anos. Comenta que se está chegando ao final dos Fondos Europeos e se no futuro se fai necesario acometer grandes obras a aportación do Concello probablemente sexa maior, do 22,5 % pode pasar ao 40 ou 42 %.

Polo Presidente concédeselle a palabra ao Portavoz do grupo municipal do PP, don CELSO SOTELO BARROSO, quen manifesta o seu acordo coas obras a realizar, sinalando que dende hai dous anos estéselle dando prioridade as obras de saneamento, e aínda que a recollida queda rematada, probablemente co paso do tempo xorda algún problema e haberá que mellorar os servizos.

Toma a palabra o Portavoz do grupo municipal do PSOE, don JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, quen aproveita para manifestar o acordo do seu grupo coas obras a acometer, e sinala o seu desexo que ditas obras que eran necesarias queden tecnicamente ben e non haxa que acometer novas obras de saneamento nalgúns anos.

Polo Presidente dáse paso a votación, quedando aprobado por unanimidade de todos os grupos municipais o seguinte acordo:

“Solicitar a inclusión no POL 2006 da obra coa denominación MELLORA DE SANEAMENTO EN NÚCLEOS DE ESPOSENDE, SAN PAIO, A QUINZA E OUTROS”.

4.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Polo Presidente dáse paso a lectura dunha Moción presentada pola Alcaldía a petición dos membros do P.P., que literalmente di:

“ Ante a necesidade de modificar a hora de comezo dos Plenos Ordinarios de inverno das 19:00 horas as 20:00 horas, e supoñendo dito cambio unha modificación do artigo 20.1 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribadavia aprobado definitivamente polo Pleno en sesión de data 25 de novembro de 1999, deberá seguirse o procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local.

Tendo en conta o artigo 49 da mencionada Lei e o informe xurídico ao respecto, en virtude dos artigos 91.4 e 97.3 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, formúlase a seguinte

MOCIÓN

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a modificación do artigo 20.1 do Regulamento Orgánico, quedando como segue: “O Pleno da Corporación reunirase na sesión ordinaria con periodicidade mensual, excepto no mes de agosto. A sesión terá lugar o derradeiro xoves de cada mes e iniciárase ás 20:00 horas.*

SEGUNDO.- *A exposición pública do acordo de aprobación inicial da modificación do Regulamento Orgánico do Concello no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 30 días para a presentación de reclamacións. O acordo entenderase definitivo sen necesidade dun novo acordo plenario no suposto de que non existan reclamacións durante o prazo de exposición pública.*

Ribadavia, 26 de xaneiro de 2006.-O ALCALDE.”

Pola Presidencia xustifícase dita urxencia que ben motivada por unha petición do P.P. en base a que un dos seus membros non pode estar presente ás 19:00 horas por motivos laborais.

Dáse paso a votación para ratificar a urxencia e incluír dito punto na orde do día, quedando ratificada por unanimidade de todos os grupos municipais.

Toma a palabra a Portavoz do Grupo Municipal do BNG, don FRANCISCO XABIER CARREIRA SEBIO, que aproveita para sinalar que se trata dunha petición razoable e lóxica, polo que por parte do seu grupo non existe ningunha obxección, se ben, expón que dita lóxica debería estenderse a outros organismos como a Mancomunidade, onde levaban seis meses sen convocar Pleno Ordinario, e tamén pide que exista unha reciprocidade e cando se razoe e pida cambio dende o grupo de goberno se acceda ao mesmo pola oposición, por exemplo, cando se pediu ese cambio por enfermidade do Alcalde e ausencia da concelleira de cultura.

Toma a palabra o Portavoz do grupo municipal do PP, don CELSO SOTELO BARROSO, para aclarar que cando un concelleiro pide o seu período de vacacións xa sabe cando se vai celebrar o pleno ordinario, e entende que por motivo de vacacións non é lóxico que se cambie o Pleno. Polo que se refire á enfermidade do Alcalde debeuse a un accidente e no momento en que se pediu o cambio do pleno non estaba prevista dita eventualidade.

Toma a palabra o Portavoz do grupo municipal do PSOE, don JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, quen sinala o acordo do seu grupo co cambio de horario do pleno, posto que cando se fai unha petición deste tipo e a mesma e razoable hai que aceptala. Os únicos que teñen dedicación exclusiva son o Alcalde e el como concelleiro de servizos

municipais, entendendo que os demais concelleiros teñen asuntos laborais e os mesmos deben respectarse. Sinala que no momento en que se pediu o cambio de pleno polo grupo de goberno debeuse non so a ausencia por vacacións dunha concelleira senón tamén ao accidente sufrido polo Alcalde, polo que pide reciprocidade.

Polo Presidente dáse paso a votación, quedando aprobado por unanimidade de todos os grupos municipais o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 20.1 do Regulamento Orgánico, quedando como segue: “O Pleno da Corporación reunirse na sesión ordinaria con periodicidade mensual, excepto no mes de agosto. A sesión terá lugar o derradeiro xoves de cada mes e iniciarse ás 20:00 horas.

SEGUNDO.- A exposición pública do acordo de aprobación inicial da modificación do Regulamento Orgánico do Concello no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 30 días para a presentación de reclamacións. O acordo entenderase definitivo sen necesidade dun novo acordo plenario no suposto de que non existan reclamacións durante o prazo de exposición pública.”

Pola Presidencia pregúntase se existe algunha outra moción de urxencia, ao que se lle resposta que non.

De seguido, o Presidente dá paso a quenda de rogos e preguntas.

Polo Portavoz do grupo municipal do P.P., don CELSO SOTELO BARROSO, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga exista un maior control sobre o gasto posto que en dúas resolucións diferentes alúdese ao mesmo pago e noutra faise un pago a un restaurante por seis camas, se ben, sinala que polo Sr. Interventor xa se explicou que se tratou dun erro e so se fixo un pago.

2.- Roga se lle pida ao delegado de cultura que cumpra co seu compromiso de presentar o proxecto das obras do museo a todos os grupos municipais, posto que as obras xa comezaron e non se trata de acopios de material como se dixo en comisión informativa de obras públicas.

3.- Roga se lle manden invitacións para actos aos que poida asistir, posto que se lle mandou un saúda e unha invitación para a presentación dun libro en Madrid para o día de hoxe.

4.- Roga se repare a greta na beirarrúa que hai na curva antes de entrar ao ponte xunto a zapatería tacón.

5.- Roga se xestione a obtención de máis subvencións posto que están de acordo coas obras a través do Plan da Deputación pero hai que arranxar o camiño de Esposende, o muro, a estrada que sobe a Santa Cristina, as rúas con mal firme en San Cristovo e Francelos.

Pola Presidencia sinalase que xa se están facendo ditas xestións, e coa obra da Deputación, na que se alude a “outros”, estase pensando en acometer esas obras co diñeiro que sobre, e senón haberá partidas en Medio Rural e Medio Ambiente.

6.- Pregunta como está o proxecto do Hotel e da Cafetería.

Pola Presidencia se lle resposta que os proxectos xa os coñece pola comisión informativa. Un deles aprobouse cunha coletilla que consistía en que o adxudicatario tería que solucionar o tema do ascensor e o outro mandouse de novo a Xestur para solventar deficiencias detectadas polos técnicos. Por outro lado, estase coa tramitación da modificación puntual da normativa do PEPRI que afecta á cafetería e ata que non se aprobe dita modificación tampouco podería ser factible. Falouse de buscar iniciativa privada para que a través dun concurso conseguir financiamento ou ben atopar financiamento a través das xestións nas administracións públicas. Conclúe sinalando que dos proxectos do Hotel e do Restaurante hai copia na Oficina do PEPRI a disposición dos concelleiros.

7.-Roga se esixa a RENFE que mellore o servizo e poña unha persoa máis para atender e informar a xente, posto que aumentaron os viaxeiros coa problemáticas dos autobuses. Tamén pide que se cumpra a promesa de poñer información sobre os horarios dos autobuses.

8.- Pregunta se en relación coa ubicación do novo ambulatoria hai outro solar ademais da proposta que xa se comentou en Comisión informativa, e pide que se dea a coñecer en comisión informativa.

Polo Presidente se lle resposta que hai dúas alternativas que están a estudar na Concellería de Sanidade, pois búscase un terreo que cumpra coas esixencias de idoneidade, non separado do núcleo, entre 3.500 e 4.000 m², con acceso rodado, etc. E hai que ver a alternativa que resulta máis factible en base a unha valoración técnica.

9.- Pregunta que sucedeu co compromiso que se fixo de facer un estatutos novos para o asilo e convocar a oposición con este motivo.

O Presidente resposta que se pretende conseguir un novo asilo e que sexa xestionado pola administración pública.

10.-Roga se acelere a negociación para a firma do Convenio entre a Xunta e o Ministerio en relación ás obras do Castelo.

Polo Presidente sinalase que xa no seu momento se tiñan que facer xestións importantes, e agora falouse coa Xunta e o Estado e existe unha partida de 200.000 euros para o 2006 nos presupostos do Ministerio e tamén existe partida na Xunta. Xa se falou co delegado de cultura para que contactase con Patrimonio en Madrid e acelerar a sinatura do Convenio.

11.- Pregunta si se fixo xestión con Fenosa, Industria e telefónica para meter o cableado subterráneo na rúas que se arraxaron.

O Presidente aclara que dito cableado xa se meteu na Magdalena e dende o Concello solicitouse a Fenosa e esta ten que solicitar a orde que está pendente de saír. Tamén se falou co delegado de vivenda e mandóuselle a proposta coas actuacións a levar a cabo no casco histórico, e firmáranse os convenios canto antes. Vaise seguir unha continuidade na realización das obras.

12.- Pregunta que sucede coa área de servizo que se ía abrir ao outro lado da autovía, onde tamén se ía facer un hotel.

O Presidente sinala que se falou co xerente e queren rentabilizar as áreas que teñen funcionando, pediron unha moratoria ao Ministerio de Fomento en relación a realización doutra área no outro lado da autovía e manifesta que a construción do Hotel sería prexudicial para o Concello.

13.- Pregunta que sucede coa ampliación do parque empresarial que xa está aprobada e existen xa as correspondentes partidas.

O Presidente resposta que o proxecto da 2ª fase xa está no Concello e houbo un informe técnico no que se sinalaba a necesidade de corrixir unha serie de deficiencias polo que se lle comunicou a Xestur e vanas solucionar e remitilo de novo, a 2ª fase executarase no 2006.

14.- Roga se acelere a obra na entrada da praza maior.

15.- Roga se proceda a reparación urxente da avaría que tivo lugar en tres núcleos de poboación de San Paio que quedaron sen auga esta semana e a anterior.

O Portavoz do grupo municipal do B.N.G. pide a palabra ao Presidente para aclarar que o proxecto de Recuperación da Casa Rectoral de Santo André entrou no Concello o día 17.11.05, e non se lle comunicou aos membros do BNG, existe un informe técnico no que se sinala a necesidade de cumprimentar unha serie de cuestións técnicas, pero mandouse á Consellería de Cultura a San Caetano e non o remitiron a Patrimonio. O delegado e os técnicos da obra manifestaron que non existe ningún problema en explicar o proxecto. Tamén sinala que se aprobou no Parlamento Galego a constitución do Museo do Viño e que na Consellería de Medio Rural existe o compromiso dunha obra.

Concluído o anterior, ás oito e dez do serán, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

